

INTERNATIONAL QUIT and WIN 1998

INTERNATIONAL QUIT and WIN é una campaña de ámbito internacional, que mediante a celebración dun concurso pretende alenta-los fumadores a deixa-lo seu hábito. Esta campaña xorde en 1994 como unha iniciativa do National Public Health Institute in Finland (KTL), e do Finnish Center for Health Promotion, auspiciada pola Organización Mundial da Saúde (OMS), e actualmente apoiada pola Unión Europea.

QUIT and WIN é un programa de abandono do tabaco dirixido a adultos, que se comprometen a non fumar durante un período de 4 semanas. Este tipo de programa permite chegar a moita xente cun esforzo e custo relativamente baixo e conseguilo abandono do tabaco, de xeito mantido ó ano, nunha porcentaxe importante de fumadores (>20%, considerando a non resposta como recaídas).

Por outra banda, ofrece a posibilidade de **conectar con outras actividades** desenvolvidas polos diferentes programas de promoción de vida sen tabaco (materiais de autoaxuda, programas de deshabitación tabáquica, etc.), e sensibiliza-la poboación sobre os efectos nocivos do tabaco e as vantaxes do seu abandono.

Por todo o exposto, dende o punto de vista da persoa fumadora o programa QUIT and WIN é unha oportunidade de deixa-lo hábito, ó engadir un incentivo ó seu desexo de deixar de fumar. Para as organizacións tamén é unha boa oportunidade ó xerarse unha gran publicidade en temas relacionados co consumo de tabaco, recrutar fumadores para deixar de fumar, organizar actividades de promoción con outras entidades (asociacións, empresas, etc.).

Antecedentes de participación:

1994: participan 60.000 persoas de 13 países.

1996: participan 70.000 persoas de 25 países.

As maiores taxas de participación conseguíronse naquelas zonas onde se están a desenvolver outras actividades de promoción de vida sen tabaco. (North Karelia - Finlandia - participaron o 2% de tódolos fumadores).

O perfil dos participantes en campañas anteriores, en España, foi: persoas de idade arredor dos 40 anos, casados, fumadores de máis de 15 cigarros ó día, dende fai máis de 20 anos e que intentaron deixar de fumar en 2-3 ocasións. Non existen diferencias de participación por sexo.

Obxectivo 98: acadar unha participación de 150.000 fumadores de 50 países.

Requisitos de participación :

- Pode participar un país na súa totalidade ou por rexións.
- Cada país participante é responsable da organización do concurso no seu contorno.
- Tódalas organizacións participantes realizarán a campaña ó mesmo tempo, cunhas regras comúns e un procedemento de seguimento estandarizado.
- Os criterios de participación: ser maior de 18 anos, fumador diario e cunha historia de fumador de máis dun ano no momento do concurso.
- Tódolos países terán a mesma **data de abandono, o 2 de maio**, e os participantes comprometeranse a non fumar durante 4 semanas, ata o 29 de maio.
- Verificarase o período de abstinencia dos participantes seleccionados mediante entrevista e a realización dun test biolóxico.

- En maio de 1999 realizarase unha enquisa para avalía-la abstinencia ó ano da celebración do concurso.

Participación en España: este ano, participan na campaña as Comunidades Autónomas de Canarias, Castilla y León, Cataluña e Galicia.

PROXECTO QUIT AND WIN EN GALICIA 1998. "DÉIXAO E GAÑA"

A campaña "**DÉIXAO E GAÑA**" insíbese dentro das actividades do Programa Galego de Promoción da Vida sen Tabaco da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Obxectivos :

- Conseguir unha participación de 1.500 fumadores.
- Taxa esperada de abstinentes ó ano dun 15% dos participantes.
- Facer que persoas fumadoras que se aínda non pensaron en deixar de fumar, pasen a fases máis activas de cara ó abandono do tabaco.

Como novidade, coa campaña "**DÉIXAO E GAÑA**" preténdese reforza-lo hábito positivo dos non fumadores e o seu labor de apoio ás persoas fumadoras que intentan deixar de fumar. Para iso, realizarase un sorteo de premios entre as testemuñas que se declaren non fumadoras.

Bases do concurso (estrato):

1. Poden participar no concurso tódalas persoas residentes en Galicia, **maiores de 18 anos**, que **fumen diariamente dende hai máis dun ano**.
2. O concursante comprométese a non fumar por un período de alomenos **4 semanas** (dende o 2 ó 29 de maio de 1998).
3. O concursante deberá remiti-la tarxeta de participación, debidamente cuberta, **antes do día 2 de maio**.
4. O sorteo dos premios realizarase ante notario.
5. Ás persoas seleccionadas no sorteo efectuaránselles as comprobacións e probas diagnósticas precisas. Contactarase cos gañadores e as testemuñas.
6. A sinatura do concursante será considerada como proba de veracidade da información declarada.

Premios:

- 1º premio: un cruceiro para dúas persoas, de 12 días de duración, polo Mediterráneo. (Patrocinado por Caixa Galicia).
- 2º premio: unha viaxe para dúas persoas, de 9 días de duración, ó Caribe. (Patrocinado por Pharmacia-Upjon).
- 3º premio: unha fin de semana para dúas persoas, en réxime de pensión completa, no *Gran Hotel La Toja* (Pontevedra).

O gañador do 1º premio participará no sorteo dun super-premio internacional de **10.000 dólares** USA.

Premios para as testemuñas non fumadoras:

- 1º premio: unha fin de semana para dúas persoas, en réxime de pensión completa, no Hotel Tryp Balneario de Mondariz (Pontevedra).
- 2º premio: un teléfono móbil con tarxeta activa Movistar. (Patrocinado por Continente).



CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

Dirección Xeral de Saúde Pública

Vol. X / 1997

Núm. 4

Cuadrisemanas 8 á 9/97

(13 de xullo ó 6 de setembro de 1997)

Data de impresión: abril 1998



BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA

D.L.: C-1767-1995

ABROCHO DE INTOXICACIÓN POR EXPOSICIÓN AGUDA A PENTAFLOROFENATO SÓDICO EN TRABALLADORES DE SERRADOIROS EN GALICIA

INTRODUCCIÓN

O pentaclorofenol (PCP) e os seus sales, sobre todo o pentaclorofenato sódico (PCP-Na), é unha substancia química sintética moi utilizada polo seu amplo espectro como biocida e o seu baixo custo. A súa aplicación principal é, con grande diferenza, a de fungicida para a madeira. Debido a que non está exento de riscos para a saúde, tanto *per se* como porque as preparacións comerciais conteñen algún grao de impurezas (p.ex., clorodibenzo-*p*-dioxinas), establecéronse restricións para o seu uso en España¹. O PCP está incluído no anexo I (índice de substancias perigosas) do Real Decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas, e está catalogado como moi tóxico segundo aparece na táboa 1.

O mecanismo de toxicidade do PCP prodúcese mediante un desenaixamento da fosforilación oxidativa, con inactivación dos enzimas que actúan na respiración celular e dano mitocondrial severo en tódolos tecidos. Por esta razón, e sobre todo nas exposicións agudas ó PCP, ten lugar un fenómeno de

ineficiencia metabólica, con produción de calor excesiva e hipertermia, que pode acadar 42°C ou máis². A intoxicación aguda, accidental ou suicida, polo PCP é moi perigosa e pode producir paro cardíaco e morte. Os síntomas e sinais máis frecuentemente observados son ataxia, fatiga, cefalea, vertixe, desorientación, anorexia, náusea, vómito, dispnea, hipertermia, taquicardia e un aumento da taxa metabólica. Son moi rechamantes a astenia intensa e a sudoración profusa³. O achado de laboratorio máis constante é a leucocitose, aínda que tamén se describiu o aumento de valores de creatinofosfoquinasa sérica e de mioglobulinuria nun caso en que se produciu rabdomiolise². Nos casos en que o tóxico penetra por vía cutánea atópase irritación dérmica, por veces, severa. Considerábase que esta é a vía de entrada máis perigosa⁴ no marco laboral.

ANTECEDENTES

O 1 de outubro de 1997 a autoridade laboral da Comunidade Autónoma enviou información á Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a detección, a través de partes de accidente laboral, de dous casos de intoxicación por PCP —**casos 1 e 2**—

Táboa 1. Información que deben leva-los envases de PCP ou os seus sales

Frases de risco	Frases de prudencia
R24/25: tóxico en contacto coa pel e por ingestión.	S22: non respira-lo po.
R26: moi tóxico por inhalación.	S36/37: úsense indumentaria e luvas de protección axeitadas.
R36/37/38: irrita os ollos, a pel e as vías respiratorias.	S45: en caso de accidente ou malestar, acúdase inmediatamente ó médico (se é posible, móstralle a etiqueta).
R40: posibilidade de efectos irreversibles (carcinóxeno categoría 3).	S52: non usar sobre grandes superficies en locais habitados.
R50/53: moi tóxico para os organismos acuáticos.	S60: elimínense o produto e os seus envases como residuos perigosos.
Pode provocar a longo prazo efectos negativos no medio ambiente acuático.	S61: evítase a súa liberación ó medio ambiente. Solicítense instrucións específicas das fichas de datos de seguridade.

SUMARIO

- **Abrocho de intoxicación por exposición aguda a pentaclorofenato sódico en traballadores de serradoiros en Galicia.**
- **EN BREVE...: INTERNATIONAL QUIT and WIN 1998.**
- **ANEXOS I ó II: Situación das EDO nas cuadrisemanas 8 á 9/97.**
- **ANEXO III: Informe sobre a mortalidade en Galicia 1995.**
- **ANEXO IIII: Sistema de información do Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose.**

SISTEMA DE ALER TA EPIDEMIOLÓXICA DE GALICIA (SAEG)				
TELÉFONOS DIRECTOS Horario de Oficina	Epidemioloxía A Coruña (981) 18 58 34	Epidemioloxía Lugo (982) 29 41 14	Epidemioloxía Ourense (988) 38 63 69	Epidemioloxía Pontevedra (986) 80 58 72

EPIDEMIÓLOGO DE GARDA (fóra de horario de oficina) Tfno: 989 - 53 38 05
A través do 061 tamén é posible contactar co SAEG

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA
SERVICIO DE INFORMACIÓN SOBRE SAÚDE PÚBLICA. Dirección Xeral de Saúde Pública
Avda. do Camiño Francés, nº 10 - baixo. 15771 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 - 54 29 29 - Fax: 981 - 54 29 70 - E-mail: dxsp3@jet.es

